

SPG A GAVELA
ASAMBLEA 6 DE NOVIEMBRE DE 2016
A FRAGA, VINCIOS.

ASISTEN: Marta, Diana, Antía, Ánxeles, Xaquín, Begoña, Ricardo, Belén, Xacobo, Héctor, Ugío, David, (?)

• **XESTIÓN DE ALTAS E BAIXAS:**

Tivemos unha incidencia coa rolda e por algunha extraña razón desapareceron moitos contactos polo que tivemos que facer reconto dos proxectos e direccións de correo para restaurar manualmente a rolda. Entendemos que a falta de asistencia queda xustificada por dita incidencia que provocou fallo grave de comunicación. Quedamos pendentes de preguntar a Saramaganta o sucedido (Ugío) e de consultar a renovación da aportación anual (faircoins?).

Dada a baixa participación dos últimos meses e máis os problemas de comunicación, se plantexa unha renovación xeral de compromiso de participación mediante documento firmado que enviará David xunto ca organización/asignación/afiliación as novas comisións locais, debendo quedar tamén descritos os portavoces de cada grupo local.

Renovase a cota anual de 10 euros por parte dos proxectos asistentes. Quedan na caixa, 30€ do ano anterior+110€ das novas aportacións

• **APROBACIÓN DOS PUNTOS PENDENTES DA ANTERIOR ASAMBLEA:**

Quedan aprobados os puntos traballados na anterior assemblea:

- Asistencia a assembleas: dúas ao ano.
- Reorganización do SPG en comisións locais e sistema de amadriñamento, se definirán trala resposta á folla de compromiso de participación e asignación de grupo local, co cual, todas as visitas se poderán concentrar en menos tempo, ou incluso nun día, segundo decida o grupo local..
- As follas de visita se convirten en **follas de autoevaluación** nas que se incluírán un apartado de autoavaliación da participación, que cada proxecto deberá encher previo a recibir a visita.
- Modificación do RI: incluír procedemento de admisión, novo procedemento de autoevaluación, sistema de amadriñamento, revisión anual de participación dos proxectos.
- Coméntase sobre a folla de prezos, que se usa de facto en xeral, mais falla unha revisión sistemática para localizar aqueles prezos onde non hai acordo.
-

• **COMISIÓN COMUNICACIÓN:**

Plantéxase o relevo das persoas que integran a comisión, máis non habendo dispoñibilidade a comisión queda como estaba, máis Hector que pasa a administrar a rolda de correos.

• **COMISIÓN VERIFICACIÓN:**

O calendario de visitas quedou a medias pero decídese cesar coas visitas polo que queda de ano hata a vindeira assemblea, na que previsiblemente quedarán definidas as

comisións locais que xestionarán a nova tempada de visitas.

Fálase de dar un último empurrón ao sector de elaborados, que xa estaba bastante avanzado, convistas a ser aprobado na vindeira assemblea.

Coméntase tamén, dentro deste punto a posibilidade de crear unha sala de elaboración con rexistro sanitaria, pendente de informarse con mais detalle para a próxima assemblea. Antía ofrece un espazo dispoñible e tentará estudar o tema. Xacobe e Belén comentan da posible dispoñibilidade de autoclave de mans dun familiar que non o usa.

- **OUTROS:**

Vólvese a falar da idea de facer un mercado específico para A Gavela, sen concretar nada.

Se comenta dunha conversa de Antía con Mamen Cuellar e Isa, da Facpe, que propoñen a solicitude de subvención para sufragar os gastos dunha coordinadora para a creación/dinamización dunha rede estatal de SPGs.

Plantéxase unha pregunta crucial que todos deberíamos ter claro, ¿Porque estamos no spg? En función das respostas, deberíamos articular o sistema para que sirva para as expectativas d@s soci@s.

- **DATA DA VINDEIRA ASAMBLEA:**

Domingo 5 de febreiro, na casa de Marta e Lolo, en Paraños, Covelo.